



Lois Pereiro recibe unha homenaxe no seu Monforte natal

Concertos, actos literarios e rebautismo de varios centros culturais conflúen no programa de homenaxe ao poeta organizado polo Concello de Monforte este sábado.

Por [GC Tendencias](#) | Monforte | 10/04/2015

En rolda de prensa organizada esta semana, as concelleiras Pilar López e M^a Xosé Vega presentaron o programa de actos para lembrar e recoñecer a figura e a obra do escritor e poeta monfortino Lois Pereiro.

As actividades terán lugar este sábado día 11 e teñen a súa orixe nunha moción do grupo de goberno que foi aprobada na sesión plenaria celebrada pola Corporación Municipal o pasado 26 de xaneiro. Nesta proposta recollíase declarar o 2015 como Ano Lois Pereiro e darlle o nome do poeta á Casa da Cultura e á Biblioteca Pública Municipal.

Os actos, abertos á participación da cidadanía, comezarán ás 11:45 h coa recepción á familia de Lois Pereiro, e ás autoridades e invitados.

Ás 12:00 h celebrarase o acto de nomeamento da Casa da Cultura de Monforte de Lemos como Casa da Cultura Lois Pereiro e da Biblioteca Pública Municipal como Biblioteca Pública Lois Pereira, dándose lectura á acta da sesión plenaria onde se recolle este acordo.

Ás 12:15 h abrirase a Biblioteca Pública Municipal e realizarase o selado de diferentes libros de, e sobre Lois Pereiro co novo selo coa súa imaxe.

A partir das 12:30 h, no salón de actos da Casa da Cultura, desenvolverase un acto aberto ó público no que participarán varios autores pertencentes á Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG).

Este acto comezará co saúdo do presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, e continuará coa lectura de textos de Lois Pereiro por parte, entre outros, dos e das escritores/as Rosalía Fernández Rial, Manuel Rivas, Xurxo Souto, Antón Lopo, Mario Regueira, Iago Martínez, e Mercedes Queixas. Entre as diferentes lecturas, o músico monfortino Gonzalo Herrero interpretará breves pezas musicais.

O Concello encargou unhas chapas con estrofas de poemas de Lois Pereiro, chapas que se repartirán entre as persoas que asistan ó acto.

A xornada conmemorativa rematará ás 21:00 h cun concerto na Praza de España a cargo dos grupos Vera Lyn e os Tres Trebóns.

¿Gustouche esta nova?

Colabora para que sexan moitas mais enviando un **SMS** coa palabra **GC** ao **25511**